

PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA "REENCONTROS NA CASA" (Resolución do 16 de marzo de 2010 da Secretaría Xeral de Emigración, publicada no DOG nº 54 do 22-03-2010)

	PAÍS :	VENEZUELA		Datas das viaxes:	Do 21 ao 25 de xuño de 2010		Data publicación: 03/05/2010	
De acordo co disposto na base sétima da convocatoria publícase a relación provisional de admitidos e excluídos, entendendo como solicitudes admitidas aquelas que levan a mención "COMPLETO" na columna ESTADO TRAMITACION. Todas as demais están provisionalmente excluídas, sinalando na columna BASE QUE INCUMPRE e OBSERVACIÓNS a base e os motivos de incumprimento, aos efectos de identificar os documentos que se requiren. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles (ata o 14 de maio de 2010) para formular as alegacións que consideren oportunas e para emendar a solicitude, para o que poderán utilizar o impreso de remisión de documentación/formulación de alegacións que se achega. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase desistido da súa petición, e procederase ao arquivo nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os solicitantes poderán consultar o texto completo dos artigos ao final desta páxina. Así mesmo para aqueles que desexen aportar documentación súxírese usar o modelo que se xunta.								
Nº REX. TELEMATICO	Nº REX. ORDINARIO	APELIDOS	NOME	APELIDOS DO CÓNXUXE	NOME DO CÓNXUXE	ESTADO TRAMITACIÓN	BASE QUE INCUMPRE	OBSERVACIÓNS
	1926	BLANCO POUSA	JULIO			REQUERIR	5.1.f, 5.1.h,	Xust. ingresos do solicitante, fillo e filla. Fotografía carné.
58398		FERNANDEZ NOYA	MERCEDES	PENICHET DOMINGUEZ	ALEJANDRO	REQUERIR	5.1.i, 5.2.c	Libro de familia ou documentación similar. Certificado médico do cónxuxe segundo modelo do anexo III.
	1924	FREIRE NEO	JULIO	GOMEZ HERNANDEZ	MARLENE	REQUERIR	5.1.e, 5.1.i	Xust. ingresos do solicitante e cónxuxe. Libro familia ou xust.matrimonio...
58381		PENA OTERO	ESPERANZA	BRITES DE SOUSA	LUIS ANTONIO	ADMITIDA		
58396		RODRIGUEZ PEREZ	FELICITA			ADMITIDA		
	1925	RODRIGUEZ RODRIGUEZ	DELMIRO			REQUERIR	5.1.e, 5.1.h	Xust. de ingresos do solicitante. Fotografía tamaño carné.
58407		SARMIENTO GONZALEZ	PILAR	RODRIGUEZ RODRIGUEZ	ROGELIO	EXCLUIDA	1.1.5	Participaron, a solicitante e o seu cónxuxe en programas de viaxes desta Secretaría Xeral en 2006
58394		VARELA PARAPAR	JESUS	LOPEZ RIVEIRA	ANUNCIA	ADMITIDA		

DESCRICIÓN DAS BASES REGULADORAS	
BASE 1.1.1	Ser emigrante galego.
BASE 1.1.2	Ter a nacionalidade española
BASE 1.1.3	Residir en América.
BASE 1.1.4	Ter cincuenta e cinco anos ou máis de idade contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
BASE 1.1.5	Solicitude segundo o modelo normalizado do anexo I (totalmente cuberta e asinada).

BASE 1.1.7	1.7 Ter familiares de ata o cuarto grado de consanguinidade ou afinidade cos que podan residir durante a súa estancia en Galicia.
BASE 1.1.8	1.8 Ter ingresos inferiores a 3 veces o importe das pensións asistenciais por ancianidade do Estado español, fixado no ano da convocatoria para o país de residencia. Estes importes aparecen reflectidos na táboa desta resolución. Se o solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da devandita cifra polo número de convivintes
BASE 1.2	Poderán ser beneficiarios/as as persoas unidas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga aos solicitantes do programa indicados no punto 1, sempre e cando cumplan os requisitos establecidos nos puntos 1.3, 1.5, 1.6 e acheguen a documentación xustificativa.
BASE 1.3	Tamén poderán ser solicitantes os fillos/as de emigrantes galegos que teñan a condición de galego e cumplan os requisitos indicados nos apartados 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7 e 1.8 desta base.
BASE 5.1.A	Solicitude segundo o modelo normalizado do Anexo II.
BASE 5.1.B	Para os solicitantes que posúan a nacionalidade española e estean en posesión do Documento Nacional de Identidade, autorización expresa á Secretaría Xeral da Emigración para a verificación dos datos de identidade. Para o resto, pasaporte en vigor ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade do/a solicitante ou certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residente.
BASE 5.1.C	Documentación acreditativa da última veciñanza administrativa en Galicia. As persoas que soliciten o programa por aplicación do numero 3 da base reguladora primeira, deberán acreditar ser fillos de emigrante galego e ter a condición de galego mediante a inscrición no censo de residentes ausentes nun concello galego
BASE 5.1.D	Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e data de nacemento, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior.
BASE 5.1.E	Nos países en que exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, copia da última declaración presentada polo solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar. No caso de que o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar non estivesen obrigados a realizala, xustificación oficial desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.
BASE 5.1.F	Nos países en que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.
BASE 5.1.G	Certificado médico, segundo o modelo incluído no Anexo III desta resolución, conforme o solicitante é válido por si mesmo e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración
BASE 5.1.H	Fotografía actual tamaño carné.
BASE 5.1.I	Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.
BASE 5.1.J	Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións ou outros entes tanto públicos coma privados, para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que consta no impreso de solicitude (Anexo II).
BASE 5.1.K	Declaración responsable conforme o solicitante está ao día nas súas obrigacións tributarias estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa comunidade autónoma, que se poderá presentar no modelo que consta no impreso de solicitude (Anexo II).
BASE 5.2.A	Fotocopia do pasaporte ou documento nacional de identidade en vigor do cónxuxe.
BASE 5.2.B	Documentación acreditativa da residencia en América do cónxuxe.
BASE 5.2.C	Certificado médico segundo o modelo incluído no Anexo III desta resolución, conforme o cónxuxe é válido por si mesmo e non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración
BASE 5.2.D	Fotografía actual tamaño carné do cónxuxe.
BASE 5.2.E	Declaración do cónxuxe de axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións ou outros entes tanto públicos coma privados, para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que consta no impreso de solicitude (Anexo II).
BASE 5.2.F	Declaración responsable, que se publicara como anexo II á correspondente resolución anual de convocatoria, conforme o/a cónxuxe está ao día nas súas obrigacións tributarias estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa comunidade autónoma.